



Concello da Pobra do Caramiñal



I TROFEO BARBANZA DE ATLETISMO EN RUTA 2019

CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA 2019

O sábado 19 de xaneiro de 2019 lugar no Concello da Pobra do Caramiñal o I TROFEO BARBANZA DE ATLETISMO EN RUTA 2019.

Tamén celebrarase o CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA 2019.

As probas do trofeo consistirán en carreiras (non marcha) de distancias de 1, 2 e 3 km respectivamente e poderán disputalas tanto atletas federados/as en atletismo como populares non federados/as.

As probas do Campionato de Galicia disputaranse na modalidade de marcha en ruta e están reservadas exclusivamente para atletas con licenza federativa en vigor (ligazón circular aquí:

<https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2018/12/Circular-100-2018-R-1.pdf>).

Os circuitos están homologados pola **Real Federación Española de Atletismo**.

Todas as probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da Federación Gallega de Atletismo e seguirán o seguinte regulamento:

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN PARA O TROFEO BARBANZA (Carreiras):

As categorías de competición serán as seguintes:

PREBENXAMÍN	Ano 2012 e posteriores
SUB 10 H/M	anos 2010 e 2011
SUB 12 H/M	anos 2008 e 2009
SUB 14 H/M	anos 2006 e 2007
SUB 16 H/M	anos 2004 e 2005
SUB 18 H/M	anos 2002 e 2003
SUB 20 - 23 H/M	De 1996 a 2001
SENIOR H/M	de 1995 ata máster
MASTER 1 H/M	de 35 a 40 anos
MASTER 2 H/M	de 41 a 49 anos
MASTER 3 H/M	de 50 anos e superiores

2- HORARIO DAS PROBAS:

As probas seguirán o seguinte horario:

HORA	CATEGORÍA	ANOS	DISTANCIA
XXX CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA (MARCHA)			
16:45 h	Sub 16 H/M	2004-2005	5 km
17:25 h	Sub 10 H/M	2010-2011	1 km
17:40 h	Sub 12 H/M	2008-2009	2 km
18:00 h	Sub 14 H/M	2006-2007	3 km
18:25 h	Sub 18-Sub 20 H/M	2003-2004-2005-2006	10 km
18:25 h	Sub 23-Senior-Máster H/M	2002 e anteriores	10 km
I TROFEO BARBANZA DE ATLETISMO EN RUTA 2019 (Carreiras)			
19.40 h	Prebenxamín	2012 e posteriores	250 m
19:50 h	Sub 10-12 H/M	2008-2009-2010-2011	1 km
20:00 h	Sub 14-SUB 16 H/M	2004-2005-2006-2007	2 km
20:10 h	Sub 18 e superiores H/M	2003 e anteriores	3 km
20.30 h	ENTREGA DE PREMIOS		

3- INFORMACION E INSCRICIONS:

As inscricións do I Trofeo Barbanza de Atletismo en ruta realizaranse online a través da páxina web www.carreirasgalegas.com:

Os prezos de inscrición serán os seguintes:

+ De prebenxamín a sub 16

GRATUITO

+ De Sub 18-20 a máster

3 €

As inscricións do **XXX Campionato de Galicia de Marcha en ruta** realizaranse a través da páxina web <https://isis.rfea.es/sirfea2/> e será exclusiva para os clubs federados e os seus atletas.

Para máis información poderán acudir ao Dpto. de Deportes do Concello da Pobra do Caramiñal, na Casa da Cultura e Xuventude "Raquel Fdez. Soler" no horario de 9:30h. a 14:30h.

Para información telefónica, poderán empregar o telf./fax: 981832590 / 981831545 ou o teléfono móbil 619229946.

Tamén poden consultar información relativa as probas na web www.atletismo.gal .

O prazo de inscrición do Trofeo Barbanza de Atletismo en Ruta permanecerá aberto ata o xoves 17 de xaneiro ás 23:59 horas.

Para o campeonato de Galicia aplicarase o indicado na circular do Campionato.

4- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollerse na zona de secretaria próxima a Praza Alcalde Segundo Durán da Pobra do Caramiñal ata **MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.**

5- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS.

A saída e meta das probas estará na zona próxima a Praza Alcalde Segundo Durán na Pobra do Caramiñal.

6- PREMIOS E AGASALLOS

A entrega de trofeos realizarase na Praza Alcalde Segundo Durán a partir das 20:30h.

Outorgaranse os seguintes trofeos:

I Trofeo Brabanza de Atletismo en ruta:

- Medallas e trofeos aos/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente reglamento agás na categoría prebenxamín que non haberá premiación.
- Medallas a todos os participantes na proba prebenxamín (nesta proba non se fará clasificación).

XXX Campionato de Galicia de Marcha en Ruta:

- Medallas segundo circular (<https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2018/12/Circular-100-2018-R-1.pdf>).

7- SERVIZO DE DUCHAS E VESTIARIOS

Haberá servizo de duchas e vestiarios no Edificio de Usos Náuticos.

8- SERVIZOS MEDICOS

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.

9- RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición, ubicado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola organización.

10- DESCUALIFICACIÓNS

Os xuíces da proba e membros da organización reservaranse a facultade de descalificar ao infractor/a que, comprobada calquera irregularidade: non leve visible o seu dorsal, manipule ou ceda a outro, altere os datos facilitados á organización ou ao xuíz árbitro con respecto aos que figuran no seu DNI ou ficha federativa, non completar o percorrido completo, manifeste un mal estado físico,

non facilite á organización a documentación que se lle requira, ou incumpra calquer outra norma contemplada nas normas de competición vixentes da **FGA** e **RFEA** para probas en ruta.

Serán descualificados os/as corredores/as que non respeten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Garda Civil, Xurado, Servicios Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os/as corredores descualificados perderán o dereito a recibir calquera premio ou trofeo.

11- RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara polo feito de inscribirse, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

12- LOPD

Todos/a osas corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

CONSIDERACION FINAL

Todo o non reflexado no presente regulamento rexirase polas normas vixentes da **FGA** e **RFEA**.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.